

AWS Certified SysOps Administrator

Descrición

Este curso está pensado para ensinar, aos/ás responsables da administración de sistemas ou das operacións de desenvolvemento (DevOps), a crear implementacións automatizadas e repetibles de redes e sistemas na plataforma de AWS.

Neste curso trataranse as características e as ferramentas específicas de AWS relacionadas coa configuración e a implementación, así como as técnicas máis comúns utilizadas no sector para configurar e implementar sistemas.

Para poder seguir o curso, o alumnado deberá dispoñer do seguinte equipamento mínimo:

- Procesador Intel i3 ou similar
- 2 GB de memoria RAM
- 80 GB libres en disco
- Auriculares e/con micrófono
- Sistema operativo Windows ou macOS
- Conexión a Internet

Obxectivos

- Utilizar características estándar da infraestrutura de AWS como Amazon Virtual Private Cloud (VPC), Amazon Elastic Compute Cloud (EC2), Elastic Load Balancing e Auto Scaling da liña de comando
 - Utiliza AWS CloudFormation e outras tecnoloxías de automatización para producir pilas de recursos de AWS que se poidan implementar de maneira automatizada e repetible
 - Crear dende cero redes virtuais privadas que funcionen con Amazon VPC mediante o uso da consola de administración de AWS
 - Implementar instancias de Amazon EC2 mediante chamadas á liña de comando e solucionar os problemas máis comúns das instancias
 - Monitoraxe do estado das instancias de Amazon EC2 e outros produtos de AWS
 - Administrar a identidade dos/as usuarios/as, os permisos de AWS e a seguridade na nube
 - Administrar o consumo de recursos dunha conta de AWS mediante o uso de ferramentas como Amazon CloudWatch, Trusted Advisor
 - Seleccionar e implementar a estratexia máis adecuada para crear instancias de Amazon

EC2 reutilizables

- Configurar un conxunto de instancias de Amazon EC2 que se lanzan xunto cun balanceador de carga, mentres que o sistema pódase escalar cara arriba e cara abaixo en función da demanda
- Editar a definición dunha pila básica de AWS CloudFormation e solucionar os seus problemas

Dirixido a

- Administradores/as de sistemas
- Desenvolvedores/as de software, sobre todo aqueles/as que ocupan postos de operacións de desenvolvemento (DevOps)

Perfil do docente

Instrutor/a certificado/a de Cisco Systems, arquitecto/a e instrutor/a AWS autorizado/a con 15 anos de experiencia no ensino informático.

Cunha sólida formación técnica en infraestruturas de TI e fortes habilidades analíticas.

DURACIÓN	40 horas
PROGRAMA	Programación 2019/20
MATRÍCULA	Gratuíta
METODOLOXÍA	Virtual
TIPO	CURSO
CERTIFICACIÓN OFICIAL	Sí
EXAME CERTIFICACIÓN	AWS Certified SysOps Administrator - Associate
BENEFICIOS	
HORARIO	De luns a venres de 16:30 a 20:30 horas.

AWS Certified SysOps Administrator

PERIODO INSCRICIÓN	15/05/2020 - 25/05/2020
PROBA DE SELECCIÓN	28/05/2020, 16:00
LUGAR DE DOCENCIA	
Nº PRAZAS	16 (Mínimo 10)

Temario

Módulo 1:

- Información xeral de operación de sistemas en AWS
- Redes na nube
- Informática na nube

Módulo 2:

- Almacenamento e arquivado na nube
- Monitoraxe na nube
- Administración do consumo de recursos na nube

Módulo 3:

- Administración da configuración na nube
- Creación de implementacións escalables na nube
- Creación de implementacións automatizadas e repetibles